



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL XUNTA DE GALICIA

EDIFICIO ADMINISTRATIVO SAN CAELANO
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://mediorural.xunta.es>

DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA
DE PRESIDENCIA, ADMONS P. E XUSTIZA

07 FEB. 2011

REGISTRO DE ENTRADA

Nº 10.023



XACOBEÓ 2010
Galicia

REGISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P2
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

02 FEB. 2011

NÚMERO 4.176

SAÍDA

Con data 19/12/2010, o Director Xeral de Conservación da Natureza dictou a seguinte Instrucción:

**"INSTRUCCIÓN, DO 19 DE DECEMBRO, DA DIRECCIÓN XERAL DE
CONSERVACIÓN DA NATUREZA SOBRE CRITERIOS E CONDICIÓNIS
PARA A RENOVACIÓN DOS PLANS DE ORDENACIÓN CINEXÉTICA
CORRESPONDENTES AO 3º PERÍODO DE ORDENACIÓN.**

A Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, supuxo un cambio e un avance considerable en tanto á configuración dos espazos cinexéticos así como no tocante á planificación do aproveitamento cinexético, establecéndose a necesidade de dotar ós terreos suxeitos a un réxime cinexético especial, dun Plan de Ordenación Cinexética, entendido como instrumento de planificación que ten por obxectivo o aproveitamento ordenado dos recursos cinexéticos dun determinado territorio, de xeito que quedé garantida a supervivencia das especies presentes no mesmo.

Para realizar unha planificación do aproveitamento cinexético no conxunto da Comunidade Autónoma, é necesario que os Plans de Ordenación Cinexética teñan uns contidos mínimos comúns, que permitan a súa comparación, e polo tanto a extracción de información válida e útil sobre a que apoiarse para a toma de decisións.

Rematada a vixencia dos Plans de Ordenación Cinexética correspondentes ao segundo período de ordenación, aos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural, de acordo co establecido no artigo 2.5 do decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento de Caza de Galicia, correspónelles aprobar as renovacións de ditos Plans.

Deste xeito, segundo o reflectido nos parágrafos precedentes e de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime



Xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común, formúlase a presente

INSTRUCCIÓN

Primeiro. Obxecto

Atendendo ó esquema básico sobre contidos do Plan de Ordenación Cinexética recollido no decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento de Caza de Galicia, establecese como obxecto desta Instrucción a coordinación e unificación dos criterios a seguir nos catro departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural, para a aprobación dos Plans de Ordenación Cinexética correspondentes ao terceiro período de ordenación, de xeito que posibiliten unha mellora na planificación do aproveitamento cinexético para o conxunto da Comunidade Autónoma mediante a inclusión e desenvolvemento de determinados apartados dentro do contido básico de ditos Plans, así como a achega telemática da información básica e fundamental dos Plans.

Segundo. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación da presente Instrucción será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os terreos suxeitos a réxime cinexético especial ós que se dirixe esta instrución son os Tecores e as Explotacións Cinexéticas Comerciais e Mixtas.

Terceiro. Neste terceiro período de ordenación, en aras dunha maior axilidade no procesado da información recollida nos Plans, dende a Dirección Xeral de Conservación da Natureza impulsouse a creación dunha aplicación informática á que terán acceso por internet os titulares cinexéticos. Mediante esta aplicación crearáse un documento resumen do plan de ordenación cinexética, que será remitido á Consellería en dous formatos, dixitalmente a través da propia aplicación, e en formato papel xunto co P.O.C. no rexistro dos departamentos territoriais da Consellería ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das



administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Cuarto. Apartados complementarios ó esquema xeral de contidos que deben considerarse na redacción dos Plans de Ordenación Cinexética correspondentes ao terceiro período de ordenación.

1 Planificación do aproveitamento cinexético.

Para o conxunto da Comunidade Autónoma de Galicia, na actualidade están aprobados uns 455 tecores societarios nos que resulta difícil levar a cabo un control directo das capturas de caza menor, polo que a continuación reflíctense aqueles contidos que deben recollerse nos P.O.C. deste terceiro período de ordenación, para que de xeito indirecto, controlando en certa medida os factores que inflúen na evolución das poboacións de caza menor, se poidan acadar os obxectivos da ordenación, así como manter un certo control sobre dito aproveitamento cinexético:

No tocante ao control do aproveitamento das especies de caza maior, dado que a Administración conta cunha ferramenta efectiva como é o manexo da información proporcionada polos precintos de caza, pódese realizar un control directo das capturas realizadas manexando información real e fiable.

A continuación reflíctense por apartados do P.O.C. os contidos que deben incluírse na planificación do aproveitamento cinexético, diferenciando para especies de caza menor e maior.

1.1 Estado cinexético.

No Estado Cinexético, a información sobre o estado das poboacións debe resultar da aplicación dun método de censo, xustificándose a elección do mesmo e reflectindo a planificación detallada da súa execución, en canto a medios materiais e de persoal que se empregaron, localización precisa das zonas de inventario, así como as datas nas que foi executado.

No caso das especies de caza menor, coa finalidade de realizar unha axeitada planificación, non soamente do aproveitamento senón tamén das



melloras que se proxecten, abordarase un apartado no que se realice un estudio dos usuarios do espazo cinexético, este estudio consistirá en:

- Clasificar aos cazadores en función da especie principal sobre a que exercen a caza durante a tempada.
- Estimar en función dos resultados acadados nestes últimos cinco anos, (segundo período de ordenación), a efectividade na procura dunha peza de caza, (nº medio de xornadas invertidas para abater e cobrar un exemplar da especie principal sobre a que exerce presión o cazador).

1.2 Plan cinexético.

1.2.1 Especies de caza menor.

Para cada especie cinexética, en función da cota de capturas estimada e o estudio dos cazadores realizado e reflectido no apartado correspondente ó "Estado Cinexético", determinarase o número de xornadas hábiles de caza para cada especie.

Presentarase unha táboa resumo, na que se recollan como mínimo os seguintes campos de información: cotas de captura para cada especie por tempada e número de xornadas hábiles de caza por tempada e para cada unha das especies.

Atendendo aos períodos hábiles de caza que se establezan na Orde anual que os regula, no Plan Anual de Aproveitamento recollerase o período hábil de caza que se solicita para cada especie cinexética, en función do número de xornadas hábiles de caza reflectidas no Plan de Ordenación Cinexética aprobado.

1.2.2 Especies de caza maior.

A información sobre o estado das poboacións na que se vai sustentar a planificación do aproveitamento cinexético, non ten porque resultar únicamente



da aplicación dun método de censo, senón que dita información debe completarse, discutirse e compararse coa seguinte:

- Información que está disponible sobre os resultados cinexéticos das tempadas correspondentes ao segundo período de ordenación, tendo en conta a planificación realizada durante estes últimos cinco anos.
- Información de danos ocasionados polas especies cinexéticas en relación á cota autorizada e ós exemplares realmente cobrados, (diferenciando entre as capturas realizadas dentro de período hábil e ás realizadas por danos).
- Información aportada polo gárdia do Teor.

Realizarse polo tanto, unha análise en conxunto de todos aqueles factores dos que se pode obter información fiable acerca do estado das poboacións cinexéticas, co fin de realizar unha axeitada planificación do aproveitamento cinexético.

As cotas de captura que se determinen para cada especie deben estar perfectamente definidas por sexos e idades, (excepto no caso do xabaril), determinando e reflectindo, (de xeito que se poida coñecer o proceso de cálculo), cal é a evolución esperada da poboación ó longo dos cinco anos de ordenación.

1.3 Plan de melloras.

Para acadar os obxectivos da ordenación pode ser necesario abordar unha serie de actuacións cuxa execución se concreta no Plan de Melloras, que debe ser xustificado e de obrigado cumprimento, a continuación refíctense os contidos mínimos que se deben esixirse en función do tipo de melloras que se planifiquen.

1.3.1 Melloras sobre as poboacións.

A planificación anual das repoboacións e soltas que se realice no Plan quinquenal de Ordenación Cinexética debe recoller: unha descripción do método de repoboación ou solta que se vai a empregar, definirse a época de execución.



prevista para cada ano, establecer a idade dos exemplares a empregar e a localización da zona na que se realizarán.

No Plan Anual de Aproveitamento realizarase a planificación das actuacións de mellora previstas para ese ano no P.O.C., concretando aqueles aspectos como localización precisa das zonas de actuación e datas de execución, coa finalidade de expedir a correspondente autorización administrativa necesaria para a súa execución.

As melloras sobre as poboacións realizadas ao longo do período de ordenación deberán ser comprobadas por persoal do Servizo Provincial de Conservación da Natureza, como condición indispensable para aprobar o seguinte Plan Anual de Aproveitamento.

1.3.2 Melloras sobre o medio.

A planificación das melloras sobre o medio realizada no P.O.C incluirá: unha descripción do programa de execución das distintas melloras que se proxecten, un cronograma de execución, estimación da superficie afectada por anos dentro do período de ordenación e localización das zonas de actuación.

As melloras sobre o medio realizadas ó longo do período de ordenación deberán ser comprobadas por persoal do Servizo Provincial de Conservación da Natureza, como condición indispensable para aprobar o seguinte Plan Anual de Aproveitamento.

1.3.3 Melloras en infraestruturas.

O procedemento e condicións para aprobar as melloras en infraestruturas que normalmente se propoñen nos Plans de Ordenación Cinexética, (creación de zonas de caza permanente, creación de zonas de adestramiento de cans, sinalización do espazo cinexético, etc), recóllese no decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aprobou o Regulamento de caza de Galicia.

1.3.4 Melloras en persoal.



No caso de contar con garda o Tecor, identificarse o mesmo así como aquelloutro persoal que pode ter contratado o titular do aproveitamento cinexético.

1.4 Plan de control dos danos ocasionados polas especies cinexéticas.

Vista a evolución dos danos producidos por determinadas especies cinexéticas tanto aos cultivos como os derivados dos accidentes de tráfico que ocasionan, neste terceiro período de ordenación fáise necesario abordar un plan no que considerando a información sobre os danos ocasionados durante o segundo período de ordenación, se establezan cales son as actuacións precisas ou necesarias para o seu control.

1.5 Orzamento.

Debe realizarse unha valoración económica de todas as actuacións que se proxectan no Plan, de xeito que informe ó promotor do mesmo en canto as necesidades económicas necesarias para a súa execución.

1.6 Información gráfica.

A información gráfica que se incorpore no P.O.C. aportarase en formato dixital e xeoreferenciada, empregando para elo o European Datum 1950 en base ó elipsoide de referencia internacional 1924, así como tamén en papel a escala 1:25.000, incorporando no caso dos planos de melloras, tantos planos de detalle e a escala suficiente para interpretar a situación transformada e o seu proceso de execución. Os arquivos dos planos que se acheguen en formato dixital, terán unha extensión "shp", "dxf", "dwg" ou "dgn", conterán a información por capas e distribuída do seguinte xeito:

- Perímetro.
- Infraestruturas cinexéticas.
- Representación da planificación dos métodos de censo que se apliquen.
- Vedados de caza.
- Cuarteis caza; (no caso de establecerse):



- Manchas de caza maior, entendidas como aquelas que pola súa extensión ou ben polas súas características, fan que as especies de caza maior mostren por estas zonas unha especial querencia, serán aquellas que normalmente se baten nas monterías e ganchos, e nas que no caso do xabaril se emprazan os exemplares como actuación previa á realización dos ganchos ou monterías.
- Melloras planificadas.

Dado que nalgúns casos observáronse certos solapamentos entre tecores contiguos; e para que a información proporcionada sexa coincidente coa que dispón a Consellería do Medio Rural, proporcionarase polo Servizo de Caza e Pesca Fluvial a capa correspondente ao perímetro do Tecor en formato dixital, indicando as superficies de solapamento observadas, para que neste terceiro período de ordenación se solucionen ditos problemas.

A continuación reflíctense os planos en formato papel que como mínimo se deben incorporar ó P.O.C.:

- Plano de situación.
- Plano de infraestruturas.
- Plano de vexetación.
- Plano de censo.
- Plano de melloras.

1.7 Anexos.

Aportaranse as fichas orixinais empregadas na fase de inventario das poboacións cinexéticas.

2 Observacións.

No caso de observarse ó longo do período de ordenación, desviacións notables respecto ó planificado que implican non acadar os obxectivos perseguidos, considérase a posibilidade de modificar a planificación realizada,